

Así foi o terceiro trimestre

De seguido comentaremosvos alguns dos traballos e actividades nas que participaron os vosos fillos/as nestes meses que rematan o curso 2014-2015. Lembraide que moitos dos traballos foron levándoos para casa ó longo do trimestre e outros moitos foron elaborados de forma conxunta e atópanse no centro, podedes ler máis información acompañada de imaxes de todos eles na **páxina web** do centro, no recanto de Infantil 2, no enderezo <http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino> e no DVD de fotografías que levan os vosos fillos e fillas para casa.

A investigación, creación e rodaxe da nosa película 'O mapache tolo'

ocupou as primeiras semanas deste trimestre. Rematamos a investigación sobre Chaplin, da que podedes ver o dossier entre o material que levan os vosos fillos e fillas para casa. Unha vez rematada a investigación puxemos en práctica o proceso de planificación e **creación dunha película**, agora que xa sabíamos como facela, organizándonos nos diferentes equipos para posteriormente levar a cabo a rodaxe da mesma. Esta tarefa rematou coa **presentación da película para as familias**, á que puidéstedes asistir e á que vos agradecemos a vosa presenza. Invitámosvos a afondar no traballo que desenvolvimos para para crear esta película na web do colexio, no recanto de infantil 2. Alí tamén poderás voltar a ver a película completa, que tamén está dispoñible no dvd que vos enviamos xunto co material, así como no da revista escolar 'O Cervo'.



Outra das grandes tarefas deste terceiro trimestre foi **a visita dos avós e avoas ás nosas aulas**, quenes nos contaron experiencias da súa vida e puideron compartir cos nenos e nenas a realidade das aulas de Educación Infantil na actualidade, moi diferente, como eles mesmos comentaron, da que puideron vivir eles na escola da súa época. Para agradecerlles a súa visita agasallámoslos cunha poesía que decoraron os alumnos/as traballando en equipos cooperativos. As experiencias que nos contaron quedaron reflexadas nunha **reportaxe** que escribimos os alumnos e alumnas de ámbalas dúas aulas, e que podedes ler na **revista escolar 'O Cervo'**.



Levamos a cabo tamén, dentro dunha tarefa de centro, un novo **proxecto de investigación na aula, nesta ocasión sobre 'Keith Haring'**, que tiña como finalidade a nosa participación na creación e pintado dun **enorme mural nas paredes da aula de usos múltiples**. Con este proxecto fíxose un uso funcional da lecto-escritura e da lóxica matemática e afondouse no traballo con diferentes fontes de información (clasificación, discriminación do relevante, plasmación de resultado, plantexamento de hipóteses, formulación de teses, traballo coas T.I.C....). Xunto co mural e dossier da investigación, que atoparedes entre o material que levan os vosos fillos para casa, a



través da creación dunha **liña do tempo**, levamos a cabo unha aproximación a nocións relacionadas co paso do tempo.



Como colofón á investigación sobre o citado artista, **participamos no pintado do mural da aula de usos múltiples**, para que o pedimos a vosa colaboración e que novamente queremos agradecer de forma moi especial. Ó longo de dúas xornadas, ademais de pintar as paredes da citada aula, participástedes xunto cos nenos e nenas, nun obradoiro levado a cabo nas aulas. Recomendámosvos que visitades o recanto de infantil da páxina web do centro, para poidades coñecer todo o proceso, ver o resultado final do voso traballo e comentar, xunto cos vosos fillos e fillas, todo o xuntos podemos vivir e experimentar nesaas xornadas.



No mes de maio descubrimos a Filgueira Valverde, autor homenaxeado este ano no '**Día das letras galegas**', creando un marcapáxinas do mesmo, ademais de participar nas actividades organizadas no centro para esta data: tanto na creación das nosas coplas dos maíos, a súa interpretación, como na interpretación da canción 'do pirata' na **fiesta dos maíos**, que un curso máis tivo lugar no noso centro.



As actividades organizadas de forma conxunta coas docentes da **Escola Infantil 'Galiña azul' de Campo Lameiro**, permitiu que os vosos fillos e fillas desenvolvesen hábitos de autonomía, ó ser eles os encargados de 'presentar' o centro ós novos compañeiros/as así como de 'axudalos' durante todo o tempo. Á vez serviu como un primeiro contacto cos que, o ano próximo, serán os seus compañeiros e compañeiras de menor idade, xunto ós que participamos en diferente xogos co paracaídas.



Novamente a **celebración dos cumpreanos** supuxo unha ferramenta para traballar diferentes aspectos relacionados co paso do tempo e os cambios que teñen lugar co mesmo. Do mesmo xeito a elaboración por parte dos homenaxados das tartas permitiu traballar diferentes cantidades e dimensións, así como o desenvolvemento de hábitos de colaboración e respecto ós demais.



Tal como podedes ver nas diferentes entradas do noso blog (no recanto de infantil 2 da web), tamén desenvolvemos os **aspectos psicomotrices** dos vosos fillos e fillas tanto en sesións de traballo no **pavillón**, na que levamos a cabo diferentes xogos de coordinación tanto individual como grupal; así como no exterior explorando os **xogos tradicionais** como



as canicas e outros.

Outros moitos traballos, aquí non indicados, podedes velos na web do centro. Tan só queda desexarvos un bo verán a todos e todas, despedirnos de aqueles que o vindeiro curso estaredes en primeiro e agradecervos a vosa colaboración ó longo de todo o curso.